

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 7 DE XUÑO DE 2011

LICENZAS

FAVORABLES

LIC/1837/2005.- PROMOSAN GALICIA, SL. Aceptar a recepción de obras de urbanización executadas, segundo o proxecto de obras de urbanización autorizado pola Xunta de Goberno Local do 9 de xuño de 2009.

LIC/2307/2010.- CONCEPCION COBAS MALLOU. Subsanan o acordo da Xunta de Goberno Local do 30 de novembro de 2010 polo que se concede licenza de parcelación urbanística.

LIC/404/2011.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DE AVDA. DE VILAGARCIA, 32, 34, 36. Instalación de 3 ascensores, un por portal.

LIC/2015/2010.- ROSA MARIA ABELENDA MIRAMONTES.- Inicio de obras para rehabilitación dunha vivenda unifamiliar existente no lugar de Gallufe, 3, Santa Cristina de Fecha.

LIC/1014/2011.- GABRIEL MENDEZ ANDAMOLLO. Conceder a prórroga da licenza concedida na Xunta de Goberno Local do 23 de xuño de 2009, para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Casal de Laraño.

CADUCIDADE

LIC/627/2007.- JESAPORT, SL. Inicio de expediente de caducidade da licenza para a construción de nave industrial no polígono de Boisaca, SUNP-34.

PARCELACION

LIC/300/2011.- JOSE GRACIANO PARDO PAZ. Parcelación urbanística da parcela resultante da agrupación das parcelas números 123, 124 e 125 do polígono 93, no lugar de Vite de Abaixo. (+)

RECURSOS REPOSICION

LIC/2451/2010.- LAURA MOSQUERA TABOADA. Recurso de reposición interposto contra acordo da Xunta de Goberno Local do 13 de xaneiro de 2011 polo que se denega a legalización das obras de ampliación dunha vivenda unifamiliar no lugar de Porto de Conxo (-)

DEVOLUCIONS DE FIANZA.-

LIC/1015/2011.- KASAS MRS 2007 SL LIC/526/2007 ... 6.000 €.

5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á remisión ao xurado das carpetas individualizadas do Proxecto de expropiación do vial de acceso a Formarís para as conexións exteriores do Enlace da N-550 cos ámbitos industriais SUNP-37 e SUNP-38. Tómase razón da oposición á valoración do Concello por parte dos expropiados e remítese ao xurado as carpetas individualizadas das parcelas 40, 50ª, 44, 45, 51, 52, 53A, 55 e 57, a fin de que procedan á fixación do prezo xusto.

7.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á resolución de recursos de reposición contra a aprobación definitiva do Proxecto de normalización de predios na rúa Amor Ruibal.

Rexíitanse os recursos de reposición interpostos contra a devandita aprobación.

8 a 36.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto do lixo.

Concédense os beneficios solicitados.

37.- Dar conta do cambio de denominación de dúas empresas.

Dáse conta do cambio de denominación de UNIÓN FENOSA a UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A., e de INTEGRO DE XARDINERÍA E MEDIOAMBIENTE S.L. a ISO-RIPARIA S.L.

URXENCIAS

1.- Aboamento de subvencións concedidas en virtude do convenio asinado coa ONCE e o IMSERSO.

Autorízase o abono das cantidades ingresadas no seu día polo IMSERSO e a Fundación ONCE aos titulares das licenzas de autotaxi número 21 e 28, beneficiarios das mesmas por ter incorporado un vehículo accesible. O importe da axuda é de 10.000 euros en cada caso.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á concesión do uso de instalacións deportivas para celebración do Torneo Internacional da COMPOSTELA CUP.

Concédesse o uso gratuíto do Estadio de San Lázaro do 22 de xuño ao 3 de xullo, ambos incluídos, para o desenvolvemento da competición de fútbol da Compostela Cup.

3.- Contratación do servizo de redacción do proxecto das obras de mellora da accesibilidade no barrio da Almaciga.

Adxudícase a redacción do devandito proxecto á empresa SEPIA TÉCNICOS S.L., por un importe de 20.644,10 euros.

4.- Aprobación do convenio de colaboración coa Fundación de Animais ano 2011.

Apróbase un novo convenio entre o Concello e a Fundación Refuxio de Animais, en virtude do cal o Concello achega en concepto de subvención para o funcionamento da Fundación 161.500 euros.

5.- Solicitud de subvencións para favorecer procesos de acollida e integración da poboación inmigrante extracomunitaria.

Acórdase solicitar unha subvención de 19.321,42 euros á Secretaría Xeral de Emigración para diversos programas desta área.

6.- Prorroga do prazo de execución das obras de remodelación das especies arbóreas e restauración das beirarrúas afectadas polo arborado do polígono de Fontiñas (FES 2010).

Acórdase solicitar á Dirección General de Cooperación Local unha prorroga no prazo de execución destas obras ata o 31 de decembro de 2011.

7.- Adxudicación do servizo da escola infantil municipal de Verán de inglés ENGLISH SUMMER SCHOOL .

Adxudícase o devandito contrato a PICADILLY SCHOOL OF ENGLISH, S.L., por un importe de 37.524 euros.

8.-Adxudicación do subministro e instalación de alumeado da aula de exposición do centro sociocultural de Santa Marta.

Adxudícase o devandito contrato á empresa COPCISA, S.A., por un importe de 39.239,99 euros.